

# Creando contidos II

---

## Contido

Recurso: páxina de texto.....	2
Recurso: páxina web.....	2
Inserir unha imaxe nunha páxina web. ....	2
Recurso: ligazón a unha web ou un ficheiro .....	3
Recurso: mostrar un directorio .....	4



## Recurso: páxina de texto

É semellante á etiqueta pero para textos máis longos. Pode ser útil para informes ou recordatorios periódicos. Non debe ser moi extenso e se utilizamos o propio editor é recomendable gardar o que levemos feito cada pouco tempo.

## Recurso: páxina web


Recomendable para aqueles que teñen páxinas web xa feitas ou queren pasar os seus apuntamentos a este formato. Non é recomendable facer unha páxina dende cero mediante o editor de moodle a non ser unha moi sinxela.

En ámbolos dous casos, logo de elixir o recurso que corresponda, ábrese un formulario que ten un campo para introducir texto no primeiro caso e un editor para introducir o texto, as imaxes, etc., no segundo.




Se temos apuntamentos dixitalizados (en formato doc, docx, odt, pdf, etc.) podemos recorrer ó socorrido "copiar\_pegar". ISTO SÓ É VÁLIDO PARA O TEXTO. As imaxes e outros recursos multimedia deberán introducirse utilizando as opcións do editor.

## Inserir unha imaxe nunha páxina web.

Primeiro poñemos o cursor onde queremos inserir a imaxe. Logo prememos na icona  e aparecerá un formulario coma o da imaxe.

Neste formulario deberemos indicar o enderezo na web da imaxe (URL), por exemplo <http://www.edu.xunta.es/centros/iesaquiscelenis/system/files/u1/ImaxeCaldas.jpg>. Neste caso



dependeremos da dispoñibilidade desa imaxe que non se atopa no noso servidor. As demais opcións están relacionadas co aspecto da imaxe.

Tamén temos a opción de subir ao noso servidor a imaxe (coidado co copyright) para o cal temos o **explorador de ficheiros**.

Procedemento:

1. Creamos unha carpeta se non a temos. (Isto depende do ordenado que sexa cada un). Para isto utilízase o campo e o botón "Crear cartafol".
2. Eliximos o cartafol a onde queremos subir a imaxe premendo nel na fiestra do explorador de ficheiros.
3. Prememos no botón "explorar..." para buscar no noso ordenador a imaxe que queremos subir.
4. Prememos no botón "Cargar"
5. A imaxe aparecerá na fiestra do explorador e só temos que premer nela para que se encha o campo URL da imaxe.

## Recurso: ligazón a unha web ou un ficheiro

Esta opción é unha das mellores para as materias que dispoñen de abundantes recursos na internet como webs interactivas ou recursos locais como vídeos, animacións, etc (o noso caso).

Loxicamente debemos dispoñer do enderezo da web que nos interesa ou a animación, vídeo, etc no noso ordenador.

O procedemento é practicamente igual ao anterior pero o formulario é distinto. Para a ligazón a unha web utilizaremos directamente o formulario.

The image shows a web resource configuration form with the following sections and fields:

- Xeral**:
  - Nome\*: Exemplo de ligazón
  - Resumo ⓘ: Movemento oscilatorio armónico simple
- Ligazón a un ficheiro ou sitio web**:
  - Localización: .tp://enebro.pntic.mec.es/~fmag0006/op\_applet\_17.htm
  - Buttons: "Escoller ou cargar un ficheiro ...", "Procurar páxina web..."
- Xanela**:
  - Xanela: Mesma xanela
  - Button: "Mostra avanzada"
- Parámetros**:
  - Button: "Mostra avanzada"
- Configuracións do módulo común**:
  - Visible: Mostrar

Buttons at the bottom: "Gardar e continuar", "Gardar e volver ao curso", "Cancelar".

Neste formulario hai campos obrigatorios

Para a ligazón a un ficheiro premeremos no botón "Escoller ou cargar un ficheiro..." e buscaremos o arquivo nas carpetas do curso se o subiramos previamente; en caso contrario premeremos no botón "Cargar ficheiros" e procederemos igual que coa imaxe do apartado anterior a partires do punto 3.

MdICC » Ficheiros

	Nome	Tamaño	Modificado	Acción
<input type="checkbox"/>	Tema2	587.9KB	12 Out 2011, 12:22	Renomear
<input type="checkbox"/>	Tema_1	5.2MB	9 Out 2011, 11:08	Renomear
<input type="checkbox"/>	Tema_3	340.3KB	15 Out 2011, 11:44	Renomear

Cos ficheiros escollidos... ▾

Crear un cartafol    Seleccionar todo    Desmarcar todo    **Cargar ficheiros**

### Recurso: mostrar un directorio

É un recurso que permite ao alumnado acceder ao directorio que nós poñemos á súa disposición mediante a súa utilización. Moi útil cando temos varios arquivos e o alumnado ten que elixir un.

Xeral

Nome\* Tema1

Resumo ?

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma B I U S

Camiño: ?

Mostrar un directorio

Mostrar un directorio Tema\_1

- Directorio de ficheiros principais
- Tema2
- Tema\_1**
- Tema\_3

Configuracións do módulo común

Visible Mostrar ▾

Gardar e continuar    Gardar e volver ao curso